

ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach

Dirección do proxecto	
Nome: Lucy Amigo Dobaño	
Enderezo electrónico: lamigo@uvigo.es	Teléfono: 986 813 517
Co-dirección do proxecto	
Nome:	
Bienio	2020 - 2022
Número de participantes (máx. 4)	1

Título

Estudo da evolución económica da lonxa de Baiona, 2001-2020

Resumo

<p>A actividade pesqueira constitúe un sector económico de relevante importancia para a nosa comunidade autónoma da que depende o traballo de milleiros de persoas. A explotación dos recursos pesqueiros debe estar sometida a un estrito control para evitar a sobreexplotación e o esgotamento dos recursos. Por este motivo, o sector pesqueiro, especialmente de baixura, debe adaptarse ás fluctuacións naturais das poboacións. A demanda de determinados produtos pesqueiros e a dispoñibilidade dos mesmos determina a dinámica económica das lonxas. A confraría de Baiona desenvolve a súa actividade extractiva sobre as especies de baixura que se comercializan na lonxa de Baiona.</p>

Obxectivo

<p>O obxectivo deste proxecto é estudar a evolución económica da lonxa de Baiona dende o 2001 ao 2020, tendo en conta as cinco especies máis comercializadas.</p>

Plan de traballo

<p>Redacción do proxecto. Nunha primeira fase do programa STEMbach (primeiro trimestre 1º de bacharelato), redactarase o proxecto do traballo de investigación, identificando a problemática obxecto de estudo e as variables necesarias. Realizarase unha procura de información bibliográfica.</p> <p>Obtención de datos. (2º e 3º trimestre de 1º de bacharelato). Construírse a matriz de datos e realizarase unha análise descritiva dos mesmos obtendo gráficas e táboas para a súa interpretación.</p> <p>Redacción da memoria. (1º trimestre de 2º de bacharelato). Interpretaranse os datos obtidos extraendo as principais conclusións. Redactarase a memoria do proxecto.</p> <p>Defensa do proxecto. (2º trimestre de 2º de bacharelato). Elaborarase unha presentación audiovisual para a defensa do proxecto diante do tribunal avaliador.</p>
